

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 68

ano 11

xaneiro-febreiro 2017


O CONCELLO DE LOBEIRA NO ANTIGO RÉXIME

O presente número de *Fron da* versa sobre os **concellos rurais** e os seus fondos documentais. Este tipo de concellos, se ben existen por toda Galicia, apenas estaban documentados pola singularidade da súa conformación. Estaban formados por veciños e reuníanse periodicamente para dirimir os asuntos que afectaban o común. Estas reunións non tiñan por que ser fixadas por escrito, pero no caso do **Concello de Lobeira** fórono por certo tempo da man do escribán Gonzalo Rodríguez. Este escribán estaba instalado na veciña localidade de Santa Comba, pertencente ao actual concello de Bande, e facía as veces de escribán do concello de Lobeira. Grazas a el contamos cun fondo que consta dun documento múltiple que se compón de actas que tiveron lugar de xaneiro a agosto de 1753. Así mesmo, dispomos dos seus protocolos de 1742 a 1775, nos que podemos atopar unha acta de elección da corporación do ano 1751.

Por medio das **actas** de reunións e de eleccións podemos coñecer dun xeito aproximado o seu funcionamento e competencias. A frecuencia das **reunións** eran mensuais como mínimo, aínda que sendo preciso podían reunirse varias veces no mes, co gallo de ocasións como a elección da corporación (o que tiña lugar o día 6 de xaneiro) ou a fixación anual de prezos no verán. O normal era que se producise unha reunión mensual o día 10, para regular o prezo do viño o día da feira. O viño era unha mercadería esencial para o momento, no que consumilo era un sinal de riqueza, de xeito que na feira da vila este era obxecto dun intenso comercio. Neste lugar existían ademais varios comerciantes de viño, que tamén eran produtores. Tamén se fixaban unha vez ao ano o resto dos prezos agrarios: concretamente o 30 de xullo. Ademais destas actividades o concello estaba encargado doutras tarefas como recadar os **impostos** debidos ao rei, **administrar xustiza** ou retribuír servizos como o do escribán ou gastos realizados en prol do común.

As persoas que formaban a corporación eran **veciños**, que non tiñan por que ter un rango social determinado. Por exemplo ningún deles sabía escribir, dado que non firmaban as súas actas por non saber. Os cargos non eran moi numerosos, sendo a cabeza visible o **xuíz**, que neste caso se adorna cos títulos de “cabo, capitán y cau-

dillo”. Ségueno un personaxe chamado **procurador xeral**, que tiña entre outras funcións a de elaborar as contas do concello. Estes estaban apoiados no exercicio das súas funcións polos **rexedores**, que eran cinco. Respecto ao seu **nomeamento**, sabemos que a corporación saínte escollía a entrante con unha **frecuencia anual**. Con todo existía unha limitación no cargo, xa que estes non se podían exercer en anos sucesivos, o cal non implica que se repetise pasados uns anos. Casos coma este de Lobeira eran raros en Galicia, onde o dominio señorial era tan abafante que non deixaba espazo a semellantes fórmulas de goberno. Os veciños do concello alegaban para iso un vello **foro** concedido en 1228 por Afonso IX, o cal lles foi respectado ata a instauración do Estado Liberal.



1753, xaneiro-agosto. Lobeira.
Actas das reunións do Concello de Lobeira do ano 1753.
Manuscrito, castelán; 30x21 cm
AHPOu, Concello de Lobeira, C. 529/2

Lobeira a mediados do século XVIII

Na centuria do XVIII Lobeira acadara unha **economía** bastante **complexa** para os estándares da provincia de Ourense naquel entón. Sabemos grazas ao Catastro de Ensenada que alí se celebraba unha **feira** mensual. Esta feira non debía ser de libre concorrência, xa que se poxaba unha vez ao ano, sendo o seu titular en 1752 Francisco Álvarez, veciño de Baldemir, pagando 5000 reais pola dita adxudicación.

Tamén sabemos que no lugar existía unha **artesanía** de relevo, xa que no concello había arredor de 90 píos de curtir coiros, así como 5 tafonas. Por outra banda tamén atopamos 26 zapateiros; 91 tecedoras, xastres e costureiras, así como carpinteiros, ferreiros, canteiros ... O sector comercial tamén estaba representado por 6 comerciantes de viño e un tratante de gando, así como 4 taberneiros e 8 arrieiros. A elite local estaba formada por **fidalgos e cregos**, os cales en número de 7 e 22 eran o cumio da pirámide social. O resto dos seus habitantes eran labradores, xornaleiros ou criados, que en número de 453 compuñan o resto dos traballadores rexistrados polos libros persoais do **Catastro de Ensenada**. Grazas a eles sabemos que o número de traballadores en 1752 era de 642 nas tres parroquias que compuñan o concello.

Segundo o **Diccionario Geográfico-Estatístico** de Pascual Madoz para 1845 pouco queda desta economía artesanal tan activa. Nel xa non se nos cita ningún zapateiro, nin curtidor de coiros nin comerciante de viños. Nin tan sequera sabemos que foi da antiga feira da vila. Simplemente se nos fala da existencia de tecedoras de lenzos de liño e de comercio de gando.

A antiga riqueza do concello de Lobeira ven testemuñada polos décimos que pagaban, dado que se elevaban a 11500 reais en San Vicente, 13500 en San Xes e 4500 en Santa Cristina. Do mesmo xeito debían satisfacer 6820 reais de **tributos á Coroa**, á parte doutros 1500 polo dereito de celebrar a antedita feira. Como moitos concellos ou parroquias da Galicia do momento, Lobeira dispuña dunha **taberna comunal** cuxo arrendamento se poxaba unha vez ao ano ao mellor ofertante, que neste caso era un veciño de Santa Cristina que pagaba 640 reais por tal dereito.

O tránsito á Idade Contemporánea

Esta realidade tocou ao seu fin coa revolución liberal. Do intento de formar **concellos constitucionais** en 1812 non nos quedou constancia en Lobeira, co cal debemos supoñer que non se chegou a crear un consistorio liberal. Pola contra si que sabemos que aconteceu tal cousa en 1820 durante o **Trienio Liberal**, cando o antigo concello se dividiu en dous: o de San Xes e o de Lobeira (San Vicente). Esta división apenas tivo vixencia, e coñecémoslos só polos repartimentos fiscais que se fixeron dende o Reino de Galicia e a Deputación de Ourense, quedando liquidada á altura de 1823.

Coa restauración de **Fernando VII** como rei abso-

luto a volta ao Antigo Réxime en materia administrativa foi total, de xeito que o vello concello de Lobeira volve estar en funcionamento. Pero isto non foi máis que un efémero rexurdir, dado que coa instauración do liberalismo pola **rexencia de María Cristina** as vellas institucións absolutistas tocaron ao seu fin. En 1833 desapareceu o Reino de Galicia, e en 1835 a organización xurisdiccional do Antigo Réxime. Nacía así o actual Concello de Lobeira, produto da fusión da xurisdicción homónima coa de Santa Cruz de Grou.



Acta do desaparecido Libro de Acordos de Lobeira del día 10-05-1753. AHPOU, Concello de Lobeira, C. 529/2

O fondo do Concello de Lobeira

No **Arquivo Histórico Provincial de Ourense** conservamos unha serie de documentos procedentes do Concello de Lobeira, que forman o fondo de tal entidade. Este é unha ave rara dentro dos arquivos galegos, onde os fondos municipais da Idade Moderna son de procedencia urbana, non rural.

Así contamos con dous folios de **actas** dun desaparecido libro de acordos, así como con preitos e outros documentos do século XIX. Como este concello impartía xustiza no seu termo contamos con **procesos xudiciais** resolto polos seus xuíces-capitáns. Estes son un acordo que data de 1815, no que unha veciña renuncia aos seus dereitos tras a venda dun pallar. Outro preito data de 1818, no que Tomás Martínez, do lugar de Taboazas, denuncia un veciño seu por irromper nunha herdade da súa propiedade tras a sementeira. En 1825 atopamos unha vista por homicidio contra Manuel Carqueijo, de Facós.

Ademais destes documentos de carácter xudicial temos un requirimento datado en 1818 da Xunta de Estadística de Ourense ao Concello de Lobeira para que entregue un informe do estado da colleita do ano anterior.

Esta clase de fondos, a pesar de ser escasos, supoñen unha fonte de excepción para coñecer o funcionamento de concellos rurais nunha terra na que o dominio dos señores feudais era tan abafante que non deixou entrever a ollos da Historia institucións deste cariz.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arg.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA